

Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG 26-01-99).

...

### **Proxecto educativo do centro**

#### **Artigo 56°. -Autonomía organizativa e pedagóxica.**

Os centros públicos integrados disporán de autonomía, no marco da lexislación vixente, para defini-lo modelo de xestión organizativa e pedagóxica, que deberá concretarse mediante o proxecto educativo de centro, proxectos curriculares e o seu respectivo regulamento de réxime interior.

#### **Artigo 57°. -O proxecto educativo: definición.**

É o instrumento de planificación que define as notas de identidade do centro, concreta as intencións educativas e serve para lles dar sentido e orientación ás actividades do centro.

#### **Artigo 58°. -Finalidade.**

A finalidade do proxecto educativo do centro é a de plasmar de xeito coherente a actividade educativa adoptada despois dunha análise da realidade e do contorno socioeconómico e cultural onde radique o centro. Deberá dotar de coherencia e personalidade propia a cada comunidade escolar, expresando a opción asumida polos distintos sectores, e que identificará os valores e obxectivos básicos para os que estarán vinculadas as actividades do centro.

#### **Artigo 59°. -Contidos.**

Partindo da análise das necesidades educativas específicas dos alumnos e alumnas e do contorno, así como dos principios de identidade do centro, incluirá:

- a) A organización xeral do centro, que se orientará á consecución dos fins establecidos no artigo 1 da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo e ó cumprimento dos principios establecidos no artigo 2 da mencionada lei.
- b) Os fins e as intencións educativas do centro, de acordo coa identidade propia do centro.
- c) Os obxectivos do centro tendentes a lograla normalización lingüística, de acordo co Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios.
- d) A adecuación ó contexto do centro dos obxectivos xerais das etapas que se imparten nel e que deberán desenvolverse no proxecto curricular.
- e) O Regulamento de réxime interior do centro.
- f) A oferta do centro en canto a itinerarios educativos, optativas e actividades e servizos.

g) As formas de colaboración e participación entre os distintos sectores da comunidade educativa.

h) As formas de colaboración e intercambio cultural cos servizos sociais e educativos do concello e outras institucións.

i) Calquera outra circunstancia que caracterice o réxime de funcionamento e a oferta educativa do centro.

**Artigo 60º. -Elaboración, aprobación, avaliación e difusión.**

O equipo directivo elaborará o proxecto educativo do centro, de acordo cos criterios establecidos polo Consello Escolar e as propostas realizadas polo Claustro de Profesores e as xuntas de delegados.

O proxecto educativo así como as súas posibles modificacións será aprobado e avaliado polo Consello Escolar.

O equipo directivo do centro procurará amosa-lo proxecto educativo de maneira que permita un mellor coñecemento del cara a orienta-los alumnos e alumnas e os seus pais, favorecendo deste xeito unha identificación e implicación do conxunto da comunidade educativa.

**Artigo 61º. -Supervisión.**

A Inspección educativa supervisará o proxecto educativo para comproba-la adecuación ó establecido nas disposicións vixentes, formulará as suxestións que coide oportunas e indicará as correccións que proceda.

...